

EXAME DE COMUNICACIÓNS E SISTEMAS MULTIMEDIA

NOME:

A proba consta de 20 preguntas tipo test de unha única resposta, a marcar cun círculo rodeando o número da resposta. As respostas erróneas non puntúan negativamente. É preciso poñe-lo nome en tódalas páxinas. Tempo máximo 1 hora.

1. ¿En qué consiste a resolución dun nome no DNS?
 1. En obter o nome de host para un determinado enderezo IP
 2. En dado un nome un nome de host obte-lo seu enderezo IP
 3. En obter o rexistro SOA para ese nome
 4. Ningunha das anteriores

2. ¿Sobre qué protocolo de rede funciona DNS?
 1. ARP
 2. TCP
 3. UDP
 4. ICMP

3. ¿Que tipo de entrada no DNS almacena a información dos servidores de correo electrónico?
 1. A
 2. CNAME
 3. MX
 4. NS

4. ¿Cal de estes non é un TLD?
 1. es
 2. net
 3. com
 4. Son todos TLD's

5. Se introducimos o enderezo <http://212.145.157.75/> nun navegador de internet, ¿cal de estas afirmacións é certa?
 1. Vaise facer unha consulta ó DNS para resolver 212.145.157.75
 2. Non se precisa consultar ó DNS, o navegador vai pedir directamente a páxina
 3. Non se vai facer a consulta porque o nome xa está na caché DNS
 4. Ningunha das anteriores

6. ¿Cal de estos é un servidor DNS?
 1. Apache
 2. BIND
 3. Courier
 4. Postfix

7. ¿Cal é a porta por defecto na que escoita un servidor HTTP?
 1. 25
 2. 80
 3. 1024
 4. 8080

NOME:

8. A qué porta do servidor web se vai conectar o navegador se pedimos a páxina `http://www.aulaestudio.com:8080/90.html`:
 1. 80
 2. 90
 3. 8080
 4. Ningunha das anteriores

9. Na resposta dun servidor HTTP, qué significa a cabeceira "Content-Type: text/html"
 1. O tamaño da resposta
 2. Que o contido que nos está a devolver é texto con formato HTML
 3. Que o contido que nos está a devolver é unha imaxe
 4. O tempo de caducidade da páxina

10. ¿Qué indica a cabeceira "User-agent" na petición HTTP do navegador ó servidor web?
 1. É unha cadea identificando ó usuario no cliente
 2. Indica a hora na que se fai petición
 3. O tipo de contido que acepta o cliente
 4. Ningunha das anteriores

11. Se un servidor web nos devolve un código de resposta 404 ¿qué significa?
 1. Que non atopou o recurso no servidor, e nos vai redireccionar a páxina correcta
 2. Que non atopou o recurso no servidor
 3. Que ocorreu un erro interno do servidor
 4. Que se atopou a o recurso e nolo está a devolver

12. Se un servidor web nos devolve un código de resposta 500 ¿qué significa?
 1. Que non atopou o recurso no servidor, e nos vai redireccionar a páxina correcta
 2. Que non atopou o recurso no servidor
 3. Que ocorreu un erro interno do servidor
 4. Que se atopou a o recurso e nolo está a devolver

13. ¿Cal de estos non é un protocolo de correo electrónico?
 1. SMTP
 2. IMAP
 3. RFC
 4. POP

14. Cando un cliente se conecta a un servidor de correo SMTP, para qué serve a instrucción "RCPT TO:"
 1. Para indicar o emisor da mensaxe correo electrónico
 2. Para indicar a quen se lle vai enviar unha copia da mensaxe de correo
 3. Para indicar a quen se lle vai enviar unha copia oculta da mensaxe correo
 4. Para indica-lo destinatario da mensaxe

15. Qué cabeceira dunha mensaxe de correo electrónico indica a quen se lle vai enviar unha copia oculta:
 1. To:
 2. Occ:
 3. Cco:
 4. Cc:

NOME:

16. Cal de estas non é unha ventaxa verdadeira de IMAP sobre POP?
 1. Con IMAP as mensaxes ocupan menos espazo no servidor
 2. Con IMAP podemos obter unha mensaxe de forma parcial
 3. O IMAP pode ter carpetas no servidor
 4. En IMAP o servidor pode realizar pesquisas

17. ¿Por qué un correo cun arquivo adxunto de tamaño 1MB vai ocupar moito máis dun mega?
 1. Polas cabeceiras MIME
 2. Porque o arquivo se codifica en base64
 3. Porque o arquivo se codifica en binario
 4. Ningunha das anteriores

18. ¿Cal de estos non é un protocolo de transferencia de arquivos?
 1. SFTP
 2. SCP
 3. WEBDAV
 4. Son todos protocolos para transferir arquivos

19. ¿Cal de estos non é un protocolo de transferencia de arquivos seguro?
 1. FTPS
 2. SFTP
 3. FTP
 4. SCP

20. Se escribemos a URL `ftp://pepe:manolo@ftp.aulaestudio.com/pub/` estarémonos conectando a un servidor FTP ¿con qué contrasinal?
 1. pepe
 2. manolo
 3. pub
 4. Ningunha das anteriores